

# AS FORTALEZAS ALTOMEDIEVAIS DA SERRA DO GALIÑEIRO. ANÁLISE PRELIMINAR PARA UN PROXECTO DE INTERVENCIÓN E MUSEALIZACIÓN

Eduardo Freiría Martínez

edu.m27d@gmail.com

Ano académico 2021/22

## OBXECTIVOS



Monte Galiñeiro

Proxecto de investigación a través da análise e avaliación que demostre a **excepcionalidade patrimonial** dos recintos fortificados en altura na serra do Galiñeiro como xustificante para acadar un **novo status xurídico** (BICs individualizados) que sirva como respaldo ante a situación de ameaza ao entorno por parte de intereses mineiros e de ubicación de parques eólicos. A **valorización patrimonial** e mellora do recoñecemento legal serían as ferramentas clave para dar inicio a un **plan director** que estableza as liñas para unha futura **xestión e musealización** duns bens que son testemuñas singulares dunha etapa histórica pouco estudada.



## METODOLOXÍA

### Fase 1

Investigación e estudo das fontes históricas e bibliográficas, da realidade territorial e do marco xurídico.

Prospección e diagnose dos bens, elaboración dunha base de documentación gráfica e estudo da documentación histórica da paisaxe.

### Fase 2

Análise de resultados. Procesamento dos datos e elaboración de proposta correctora urxente. Elaboración dun informe valorativo patrimonial e deseño das liñas principais para a creación dun plan director e a estratexia de divulgación.



## CONCLUSIÓNS

Percepción das dificultades en relación á propiedade do territorio e compatibilidades co marco normativo de protección do espazo natural.

Demostrada a **relevancia e potencialidade** dos recintos fortificados en altura como **recurso cultural** de grande **singularidade e representatividade**. En consecuencia, queda demostrada a necesidade de incoación de expediente para a **declaración BIC individualizada**.

E como fin último para preservar estes tesouros patrimoniais de Galicia faise necesaria a redacción dun Plan Director como medida de **xestión e musealización futura**.



Monte Aloia